



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|---------|--------------------|---|
| Datos Identificativos | | | | 2024/25 |
| Asignatura (*) | Deseño e Análise de Algoritmos | | Código | 614G02011 |
| Titulación | Grao en Ciencia e Enxeñaría de Datos | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuatrimestre | Segundo | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | Castelán | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información | | | |
| Coordinación | Gómez Rodríguez, Carlos | | Correo electrónico | carlos.gomez@udc.es |
| Profesorado | Cancela Barizo, Brais Gómez Rodríguez, Carlos Hernandez Pereira, Elena Maria Vilares Calvo, David | | Correo electrónico | brais.cancela@udc.es carlos.gomez@udc.es elena.hernandez@udc.es david.vilares@udc.es |
| Web | campusvirtual.udc.es | | | |
| Descrición xeral | <p>Cando se traballa con datos, sobre todo en gran volume, é fundamental que os algoritmos que se utilizan para manipularos sexan eficientes, tanto para minimizar o uso de recursos como, en ocasións, para garantir a propia viabilidade do procesado. Nesta materia trátanse os fundamentos necesarios tanto para analizar a eficiencia de algoritmos existentes sobre un caso dado, permitindo así elixir o máis adecuado, como para deseñar novos algoritmos. O primeiro enfócase mediante a análise de custo espacial e temporal coa notación O grande. O segundo trátase a través dos diferentes paradigmas xenéricos de deseño de algoritmos, como algoritmos voraces, programación dinámica ou divide e vencerás; ademais dun tratamento máis específico para ámbitos típicos de interese para o científico ou enxeñeiro de datos, como son a procura, ordenación ou a exploración de grafos. Veranse tamén fundamentos de complexidade computacional e algoritmos aproximados para aqueles casos nos que unha implementación eficiente non é viable.</p> <p>Esta materia pon broche final ao bloque de "Programación e Algoritmos" do Grao, e por iso deberían cursarse anteriormente as materias de Fundamentos de Programación I e II, cuxos conceptos se utilizan aquí. Fóra do bloque, tamén son necesarios os conceptos de Matemática Discreta. Á súa vez, e dado que os algoritmos son pedra angular de calquera procesado de datos, esta materia proporciona conceptos que se usarán en materias posteriores, incluíndo as de Aprendizaxe Automática, Recuperación de Información, Procesamento de Imaxe, Vídeo e Audio, Procesamento da Linguaxe Escrita, Procesamento Paralelo, así como outras posteriores no plan de estudos.</p> | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|--|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A4 | CE4 - Coñecemento e aplicación dos fundamentos de programación e técnicas algorítmicas básicas para deseñar solucións a problemas, utilizando as linguaxes de programación máis relevantes no ámbito da ciencia e enxeñaría de datos. |
| A5 | CE5 - Coñecemento de estruturas de datos e algoritmos básicos e capacidade para utilizalos eficientemente na resolución dun problema. |
| A6 | CE6 - Capacidade para deseñar e programar algoritmos robustos e eficientes e saber analizar a idoneidade e complexidade dos mesmos. |
| B2 | CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo |
| B3 | CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética |
| B7 | CG2 - Elaborar adecuadamente e con certa orixinalidade composicións escritas ou argumentos motivados, redactar plans, proxectos de traballo, artigos científicos e formular hipóteses razoables. |
| B8 | CG3 - Ser capaz de manter e estender formulacións teóricas fundadas para permitir a introdución e explotación de tecnoloxías novas e avanzadas no campo. |



| | |
|-----|---|
| B9 | CG4 - Capacidade para abordar con éxito todas as etapas dun proxecto de datos: exploración previa dos datos, preprocesado, análise, visualización e comunicación de resultados. |
| B10 | CG5 - Ser capaz de traballar en equipo, especialmente de carácter multidisciplinar, e ser hábiles na xestión do tempo, persoas e toma de decisións. |
| C1 | CT1 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|---|-----------------------------------|-----------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| | Saber analizar problemas e deseñar, programar e depurar algoritmos que os resolvan utilizando unha linguaxe de programación imperativa. | A4 A5 | B2 B9 B10 |
| Saber elixir e utilizar as estratexias de resolución de problemas máis relevantes. | A4 A6 | B2 B3 B7 B8 B9 B10 | C1 |
| Comprender os principios básicos do almacenamento de datos e a súa manipulación. | A5 | B2 B8 B9 | C1 |
| Coñecer e saber utilizar as estruturas de datos estándar en computación e os algoritmos máis relevantes para manipularlas. | A5 | B2 B8 B9 | C1 |
| Analizar a complexidade espacial e temporal dos algoritmos e recoñecer os aspectos chave da súa ineficiencia. | A6 | B2 B3 B7 B8 B9 | C1 |

| Contidos | |
|---|--|
| Temas | Subtemas |
| Análisis do coste de algoritmos | Coste espacial e temporal Regras e limitacións do análisis O |
| Paradigmas do deseño algorítmico | Divide e vencerás Programación dinámica Algoritmos voraces |
| Estructuras de datos, algoritmos básicos e complexidade | Procura en memoria principal e secundaria Ordenación interna e externa Exploración de grafos |
| Problemas NP-Completo | NP-Completo e NP-Difícil Heurísticas e algoritmos aproximados |

| Planificación | | | | |
|--------------------------|--------------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Prácticas de laboratorio | A4 A5 A6 B2 B3 B7 B9 B10 C1 | 20 | 36 | 56 |



| | | | | |
|------------------------|--------------------------|----|------|------|
| Solución de problemas | A4 A5 A6 B2 B7 B10 C1 | 10 | 17.5 | 27.5 |
| Proba obxectiva | A4 A5 A6 B2 B3 B8 B9 | 3 | 7.5 | 10.5 |
| Sesión maxistral | A5 A6 B2 B3 B8 B9 | 30 | 24 | 54 |
| Atención personalizada | | 2 | 0 | 2 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|--------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Prácticas de laboratorio | Nas prácticas de laboratorio, o alumnado terá que solucionar problemas mediante a implementación e análise de algoritmos nunha linguaxe de alto nivel. As prácticas organizaranse en entregas periódicas para fomentar o estudo continuo e a avaliación continua. Ademais do código fonte, as entregas incluírán informes onde o alumnado deberá expor as conclusións obtidas sobre os algoritmos, en relación cos conceptos da materia, e que serán avaliados xunto cos propios programas entregados. |
| Solución de problemas | Desenvolveranse exemplos e exercicios nos que o alumnado terá que aplicar os coñecementos teóricos da materia a casos concretos. Garantírase a interactividade, resolvendo dúbidas por parte do alumnado e animándoo a contrastar as súas solucións e a expor cuestións relevantes. Parte dos problemas realizados serán avaliados. |
| Proba obxectiva | Levarase a cabo unha avaliación da materia mediante unha proba que incluírá tanto preguntas sobre os contidos teóricos, como supostos prácticos e exercicios de aplicación relacionados cos distintos temas vistos na materia. |
| Sesión maxistral | Clases maxistras onde se exporán os conceptos teóricos da materia, sen perder nunca de vista exemplos de aplicación para motivar e contextualizar os contidos. Fomentárase a interactividade en clase mediante a formulación de preguntas e utilizaranse distintos recursos como encerado, transparencias ou demostracións. |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Solución de problemas Prácticas de laboratorio | O desenvolvemento, tanto das clases maxistras coma das de resolución de problemas e os laboratorios de prácticas, realízase atendendo ao progreso do alumnado nas capacidades de comprensión e asimilación dos contidos impartidos. O avance xeral da clase compaxínase cunha atención específica a aqueles/as alumnos/as que presenten maiores dificultades na tarefa da aprendizaxe e cun apoio adicional a aqueles outros/as que presenten maior desenvoltura e desexen ampliar coñecementos. No que respecta ás titorías individuais, dado o seu carácter personalizado, non deben dedicarse a estender os contidos con novos conceptos, senón a aclarar os conceptos xa expostos. O profesorado utilizará como unha interacción que lle permita extraer conclusións respecto ao grao de asimilación da materia por parte do alumnado. |

| Avaliación | | | |
|--------------------------|--------------------------------|---|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
| Solución de problemas | A4 A5 A6 B2 B7 B10 C1 | Valoraranse os resultados, forma e condicións de realización de diversos traballos puntuables que se detallarán durante o curso. | 20 |
| Prácticas de laboratorio | A4 A5 A6 B2 B3 B7 B9 B10 C1 | Realizadas segundo as condicións establecidas no enunciado de cada práctica. Ademais da corrección das prácticas entregadas, a súa avaliación poderá incluír defensas ou probas presenciais sobre o traballo desenvolvido nas mesmas. A entrega en tempo e forma das prácticas é condición necesaria para aprobar a materia na primeira oportunidade. | 20 |
| Proba obxectiva | A4 A5 A6 B2 B3 B8 B9 | Realización obrigatoria. Avaliarase o dominio dos coñecementos teóricos e operativos da materia. É necesario obter unha nota mínima de 4 para aprobar a materia en calquera das oportunidades. | 60 |



Observacións avaliación

Proba obxectiva

É necesario obter unha nota mínima de 4 para aprobar a materia en calquera das oportunidades.

Traballos prácticos e solución de problemas

- Dado que se trata de actividades de avaliación continua, non se reavaliarán nin se admitirán entregas na segunda oportunidade. As cualificacións dos traballos prácticos e solución de problemas da primeira oportunidade conservaranse para a segunda oportunidade.

Matrícula a tempo parcial

- O alumnado matriculado a tempo parcial terá que entregar as actividades avaliadas nas condicións e prazos específicos que se establecerán. Será obriga do estudante comunicar a súa situación ao profesorado.

Non presentado

- Quen non concurra á proba obxectiva no período oficial de avaliación terá a condición de ?Non presentado? (NP). Na primeira oportunidade, isto será extensible a quen non entregue todas as prácticas en tempo e forma.

Outros aspectos

- Todos os aspectos relacionados con dispensa académica, dedicación ao estudo, permanencia e fraude académica rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC. - Se as probas ou actividades de avaliación se realizaren en grupo, todos os membros do grupo responderán de forma solidaria do traballo realizado e entregado e das súas posibles consecuencias.

@font-face {font-family:"Cambria Math"; panose-1:2 4 5 3 5 4 6 3 2

4; mso-font-charset:0; mso-generic-font-family:roman; mso-font-pitch:variable; mso-font-signature:3 0 0 0 1

0;}@font-face {font-family:Calibri; panose-1:2 15 5 2 2 2 4 3 2

4; mso-font-charset:0; mso-generic-font-family:swiss; mso-font-pitch:variable; mso-font-signature:-536859905 -1073732485 9 0 511 0;}p.MsoNormal, li.MsoNormal,

div.MsoNormal {mso-style-unhide:no; mso-style-qformat:yes; mso-style-parent:""; margin:0cm; margin-bottom:.0001pt; mso-pagination:widow-orphan; font-size:12.0pt; font-family:"Calibri",sans-serif; mso-ascii-font-family:Calibri; mso-ascii-theme-font:minor-latin; mso-fareast-font-family:Calibri; mso-fareast-theme-font:minor-latin; mso-hansi-font-family:Calibri; mso-hansi-theme-font:minor-latin; mso-bidi-font-family:"Times New Roman"; mso-bidi-theme-font:minor-bidi; mso-fareast-language:EN-US;}MsoChpDefault {mso-style-type:export-only; mso-default-props:yes; font-family:"Calibri",sans-serif; mso-ascii-font-family:Calibri; mso-ascii-theme-font:minor-latin; mso-fareast-font-family:Calibri; mso-fareast-theme-font:minor-latin; mso-hansi-font-family:Calibri; mso-hansi-theme-font:minor-latin; mso-bidi-font-family:"Times New Roman"; mso-bidi-theme-font:minor-bidi; mso-fareast-language:EN-US;}div.WordSection1 {page:WordSection1;}

Fontes de información

| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía básica | - Goodrich, Michael T. (2013). Data structures and algorithms in Python. John Wiley and Sons - Brassard, G., Bratley, P. (1996). Fundamentals of Algorithmics. Prentice Hall |
| Bibliografía complementaria | - Cormen, Thomas H. (2009). Introduction to Algorithms. The MIT Press - Bhargava, Aditya (2018). Algoritmos : una guía ilustrada para programadores y curiosos. Anaya Multimedia - Fortnow, Lance (2013). The golden ticket: P, NP, and the search for the impossible. Princeton University Press |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Matemática Discreta/614G02002

Fundamentos de Programación II/614G02009

Fundamentos de Programación I/614G02004

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Procesamento da Linguaxe Escrita/614G02029

Procesamento Paralelo/614G02023

Recuperación de Información/614G02027

Procesamento de Imaxe, Vídeo e Audio/614G02028

Aprendizaxe Automática I/614G02019



Observacións

Segundo

se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria incorporarse a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...). Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Tentará detectarse situacións de discriminación por razón de xénero e proponerse accións e medidas para corrixilas.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías